

Alfabetización Informativa.

Curso 2020/21



IES PUNTA CANDIEIRA

Contido



Alfabetización Informacional.	1
Contido	1
1. Introducción e contexto.	2
1.1. <i>Introdución</i>	2
1.2. <i>Contexto</i>	4
2. Secuenciación e temporalización.	5
3. Relación cos obxectivos do Bacharelato.	7
4. Relación coas Competencias clave e os elementos transversais	9
5. Contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe. Relación cos obxectivos e as competencias.	10
6. Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación. Avaliación inicial.	18
7. Concrecións metodolóxicas e atención á diversidade. Materiais e recursos didácticos. Actividades complementarias e extraescolares.	19
8. Indicadores de logro. Revisión da programación.	20
9. Aprobación da programación.	23

1. Introducción e contexto.

1.1. Introducción

O Grupo de Expertos de alto nivel sobre Alfabetización da Comisión Europea de Educación chama a atención sobre a alarmante realidade que veñen de desvelar estudos nacionais e internacionais: un adulto de cada cinco e un adolescente de cada cinco non teñen aptitudes de lectura necesarias para funcionar plenamente na sociedade.

O paradoxo é relevante en plena Era Dixital, onde as esixencias de alfabetización son cada vez máis elevadas. Millóns de europeos de diferentes idades carecen dos niveis de lectura e escritura axeitados. Mentres que a lectura e a escritura son máis importantes que nunca, os niveis de alfabetización non conseguen o mesmo ritmo de crecemento.

O informe "*EU, high level group of experts on literacy*", fala de "Crise oculta" porque as consecuencias son graves, alomenos en dous niveis:

- O primeiro é a autoestima da persoa e a súa capacidade para desenvolver a reflexión, o espírito crítico e a empatía.
- O segundo, a alfabetización está en total relación co desenvolvemento económico: pobreza e baixa alfabetización retroaliméntanse.

No mesmo sentido o Consello de Cooperación Bibliotecaria, no seu informe de febreiro de 2016, considera de grande relevancia os seguintes aspectos:

- A necesidade de optar por unha nomenclatura axeitada para a competencia informacional: ALFIN (Alfabetización Informacional, proposta polo Seminario de Toledo, 2006), AMI (Alfabetización Mediática e Informacional, proposta pola UNESCO), competencia informacional ou competencia dixital. Pola presenza e visibilidade do termo ALFIN foi o escollido.
- A reinvencción do papel do profesorado
- Recursos educativos en aberto (REA)
- Colaboración e comunicación permanente entre o profesor e o alumno (fronte á unidireccionalidade anterior)
- Aprendizaxe en liña e ubicuo: MOOC e xogos
- Aprendizaxe e avaliación baseada en datos (*data driver, Learning analytics community Exchange*)
- Aprendizaxe significativo e integrado

- Cambio de rol dos profesores pola influencia das novas tecnoloxías da información e da comunicación. Agárdase que estes sexan máis expertos en novos enfoques baseados nas TIC para a elaboración de contidos, apoio ao estudante, atención personalizada e avaliación.
- O impacto das plataformas de medios sociais (*Facebook, Twitter*)
- Expansión e ubicuidade das redes sociais
- A combinación da aprendizaxe formal e non formal
- O desenvolvemento de procedementos máis abertos de avaliación
- Crear oportunidades de aprendizaxe auténtica, empregando escenarios de aprendizaxe que incorporen experiencias da vida real
- Estudantes como codeseñadores de aprendizaxe para conseguir unha aprendizaxe "autodeterminada"
- *Cloud Computing*: sistema de almacenamento e acceso a recursos de información aloxados na nube. Favorece a colaboración, o almacenamento da información e o acceso ao crecente número de aplicacións.
- *Tablet Computing*: xeito familiar de interactuar coa información
- Os xogos e a gamificación
- Mobile Learning: tratase dunha "aprendizaxe que ocorre dentro e fóra da aula", non se somete a un tempo ou lugar en particular. A aprendizaxe informal cobra maior importancia.
- A aprendizaxe personalizada: deseñada arredor dos obxectivos de cada alumno para permitir ao alumnado determinar a estratexia e o ritmo de adquisición de coñecementos.
- A Biblioteca Escolar como recurso educativo e axente interdisciplinario de reforzo pedagóxico, innovación metodolóxica e a utilización de medios, tecnoloxías e recursos para a práctica docente
- A Biblioteca Escolar como recurso estratéxico para a promoción da cultura en todos os seus formatos
- A Biblioteca Escolar como núcleo onde desenvolver actividades de investigación e competencia informacional

Partindo desta proposta, cómpre dicir que unha programación didáctica debe ser a ferramenta que guíe o traballo en cada curso e cada centro concretos. Como tal, debe estar baseada na análise do alumnado e a comunidade educativa ao que vai dirixida.

Parte fundamental do contexto é, especialmente no caso do curso actual, a implantación xa completa da LOMCE, que leva consigo unha importante

modificación tanto nas metodoloxías como na avaliación e na estrutura da propia programación. O desenvolvemento e pulo que a propia LOMCE concede á implantación da investigación e tratamento da información queda reflectida na materia que se cursa con ese nome en 1º da ESO. Dende a BE consideramos que a relevancia do currículo desenvolto debe ter unha continuidade e mesmo afianzarse. O Bacharelato é unha etapa de preparación decisiva e as xustificacións precedentes encaixan co perfil e intereses dos estudantes. Tamén, e necesariamente, para a súa preparación cara o futuro. No caso dunha asignatura como esta, de nova implantación, aínda que cos antecedentes sinalados, con máis razón esta debe ser unha programación especialmente flexible e aberta, que entendemos como un instrumento en permanente revisión e perfeccionamento; as modificacións ou melloras que se podan ir realizando serán oportunamente recollidas e engadidas provisionalmente en anexos que se incorporarán ao corpo xeral do documento para o vindeiro curso escolar.

1.2. Contexto

As actividades desenvolvidas nos últimos cursos na BE veñen a consolidar un contexto que fundamenta a oferta desta materia de libre configuración. O que se pretende, ao fío da exposición anterior, é consolidar algunhas iniciativas que se están a desenvolver e proxectar outras para dar maior arraigo ao papel que as bibliotecas deben ter nos centros de ensino. As razóns contextuais que están detrás da proposta son:

- O Plan de Mellora das Bibliotecas Escolares (PLAMBE), proxecto no que nos integramos este ano e que ten na implantación de ALFIN, un dos obxectivos fundamentais.
- O esforzo formativo do equipo da BE respecto á integración das TIC e da Multialfabetización que se concretaron en cursos para axudar á integración da Competencia Informacional.
- O convencemento de que a BE serve para pulir desigualdades e integrar a alumnado con escaseza de recursos, sobre todo, no acceso á información.
- O desenvolvemento dunha liña de PFPP que tiña como obxecto a Alfabetización informacional e a súa integración nas aulas tomando a BE como núcleo.

- O Plan LÍA 2016/2020 de Bibliotecas Escolares que inclúe as competencias ALFIN nos contidos curriculares, de forma transversal, co apoio da biblioteca.

2. Secuenciación e temporalización.

No desenvolvemento da materia debemos ter presente que se trata dunha das asignaturas que só conta cunha hora de clase semanal. Prevese polo tanto a seguinte temporalización:

- I. 1ª fase (outubro / novembro): información, formación; “prospección” das posibles actuacións. Planificar e concretar
- II. 2ª fase (novembro / decembro): compromisos e planificación das actuacións a desenvolver. Buscar información e organizala: INVENTIO E DISPOSITIO
- III. 3ª fase (xaneiro / abril): seleccionar información, redactar, corrixir, revisar, maquetar e presentar a información: ELOCUTIO E MEMORIA
- IV. 4ª fase (maio / fin de curso): publicar, interactuar (ACTIO) e avaliar.
 1. Autoavaliación
 2. Avaliación polo profesorado
 - a. produción do alumnado (portfolio)
 - b. participación na aula (rúbricas)
 - c. enquisa (poboación obxecto das actuacións)

O esquema da proposta xúntase na páxina 6

GUÍA ALFIN 5: ALFABETIZACIÓN INFORMACIONAL en 5 pasos				
0 PASOS PREVIOS	Planificar	Plan de traballo Guión-índice (provisional)		
	Concretar	Concreta o tema a traballar		
		Palabras clave		
1 INVENTIO Buscar información	Introdución	1. Busca información: selecciona e garda. 2. Criterio de selección: a fiabilidade usa fontes fiables. 3. Respecta dereitos de autor e normas de uso de internet		
	En Google	Palabras clave / Comandos		
		Imaxes		
		Google Académico		
	Ademais de Google. Outras fontes. "Escoitar"		Feedly	
	Webs de lectura/información na rede			
	Webs de recursos libres: imaxes, música, películas, libros...			
Dereitos de autor. Normas de bo uso en Internet				
Gardar información buscada e seleccionada		Cfr. punto 4 Gardar		
2 DISPOSITIO Organizar información	Organizar o material buscado e seleccionado (gardado) nun todo estruturado ---> Volver ao índice-guión inicial			
3 ELOCUTIO Redactar Producir información	1. Buscar e seleccionar 2. Organizar 4. Revisar, corrigir 3. Redactar 5. Maquetar, presentar		A redacción	
	O traballo escrito: partes	Portada		O traballo escrito
		Índice		
		Corpo do traballo	Introdución	
	Desenvolvemento			
	Conclusión			
	Recursos TIC	Para dixitalizar documentos		Calaméo. Issuu
		Presentacións		Prezi, PowerPoint, Impress
		Póster / cartel interactivo		Glogster
		Bitácoras (blogs)		Blogger, Tumblr, Wordpress
Webs. Consellos para elaboralas		Google Sites		
4 MEMORIA Gardar	Gardar, etiquetar, clasificar: marcadores		Pocket, Readability	
	Social Content Curation		Diigo, Pinterest, Scoop.it, Padlet	
	Personal Content Curation		Evernote	
5 ACTIO Publicar Relacionarse Colaborar	Publicar	Vídeos	YouTube, Vimeo	
		Fotos	Instagram, Flickr	
		Documentos	Issuu, Calaméo	
		Música	Last.fm, Yes.fm	
		Presentacións	Slideshare	
		Blogs	Blogger, Tumblr	
		Webs	Google Sites	
		Arquivos	DropBox	
		Autopublicación	Bubok	
	Conversar e relacionarse	Comentarios en blogs. Conversa en redes sociais (xeneralistas ou temáticas)		RRSS: Twitter, Facebook
	Colaborar	Crear de xeito colaborativo documentos e páxinas web		Google Drive, Google Sites
		Compartir carpetas e arquivos na nube		DropBox, Google Drive
		Coleccionar selectivamente recursos de forma colaborativa		Diigo, Scoop.it, Pinterest, Padlet

3. Relación cos obxectivos do Bacharelato.

Segundo se especifica no decreto de currículo, o bacharelato ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado formación, madureza intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. É evidente a estreita relación que este obxectivo ten coa materia que estamos a tratar. Concretamente cremos que os seguintes obxectivos do bacharelato serán especialmente traballados na materia de ALFIN:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

Pola súa vertente procedemental consideramos que tamén se desenvolverían os seguintes:

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara o medio ambiente.

4. Relación coas Competencias clave e os elementos transversais

A carga principal da asignatura relaciónase, evidentemente, coas Competencias sociais e cívicas (CSC) e o Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). Os aspectos máis procedementais, que teñen que ver coa recollida e comunicación de información, fan que se desenvolvan tamén as competencias de Comunicación lingüística (CCL), Dixital (CD) e de Aprender a aprender (CAA). A relación de cada estándar coas competencias clave recóllese na táboa incluída no apartado 5. desta programación Segundo o decreto de currículo,

“1. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias”

E podemos engadir que as Competencias agrúpanse en catro grandes bloques polo que a esta materia se refire:

- Instrumentais: recursos tecnolóxicos
- Cognitivas: uso intelixente da información. Buscar, seleccionar, aplicar e difundir
- Socioactitudinais: actitudes positivas ante a información e as TIC
- Axiolóxicas: análise crítico e valores éticos da información.

O plantexamento xeral da asignatura descansa sobre a idea de formar individuos críticos e autónomos para a sociedade da información e do emprendemento á vez que fomentar as habilidades comunicativas e o traballo en equipo. A procura de información inicial e a realización dun portfolio implicarán o traballo da comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e as TIC.

5. Contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe. Relación cos obxectivos e as competencias.

Alfabetización Informativa (ALFIN). 1º/2º Bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. A biblioteca, punto de acceso á cultura impresa e dixital				
§ a § b § e § f § g § i § j	§ B1.1. A biblioteca como espazo de acceso á información	§ B1.1. Utilizar a biblioteca como espazo de acceso á información presencial ou virtual.	§ ALFINB1.1.1. Utiliza a biblioteca do seu centro para cubrir necesidades de lectura e de información.	§ CCL § CD § CAA § CSIEE § CCEC
			§ ALFINB1.1.2. Utiliza a biblioteca do centro na procura de recursos informativos para os seus traballos individuais e grupais.	§ CCL § CD § CAA
§ a § b § e § i § j	§ B1.2. As bibliotecas como espazos culturais.	§ B1.2. Identificar a biblioteca do centro e outras bibliotecas do contorno máis próximo, como espazos culturais dispoñibles á hora de cubrir as necesidades de lectura e de información.	§ ALFINB1.2.1. Utiliza outros tipos de biblioteca aos que pode ter acceso no seu contorno máis próximo.	§ CSC
§ e § g § n	§ B1.3. Recursos informativos: fontes orais, recursos físicos e virtuais.	§ B1.3. Identificar os recursos informativos dispoñibles segundo tipoloxía, soportes e formatos.	§ ALFINB1.3.1. Diferencia os documentos informativos en función do seu contido.	§ CD § CAA § CSIEE
			§ ALFINB1.3.2. Acode ás fontes orais de referencia no seu contorno máis próximo para determinadas necesidades informativas.	§ CCL § CAA
			§ ALFINB1.3.3. Accede de forma autónoma a contidos audiovisuais, presenciais ou virtuais.	§ CSIEE § CAA
§ b § e § h	§ B1.4. Estratexias de procura eficaz.	§ B1.4. Adaptar as estratexias de procura ás características dos recursos dixitais.	§ ALFINB1.4.1. Distingue as ideas principais das secundarias nos documentos consultados.	§ CCL § CAA
			§ ALFINB1.4.2. Recupera de forma eficaz contido informativo dos recursos dixitais.	§ CCL § CAA § CD
§ n § o	§ B1.5. Dereitos de autoría.	§ B1.5. Recoñecer os dereitos de autoría.	§ ALFINB1.5.1. Identifica e respecta a autoría de textos ou imaxes.	§ CSC § CAA
Bloque 2. Fontes informativas. Localización e selección				
§ b § e	§ B2.1. Recursos físicos. Sistemas estandarizados de organización da biblioteca.	§ B2.1. Coñecer a organización da biblioteca e a CDU como sistema estandarizado.	§ ALFINB2.1.1. Identifica os códigos da CDU polos que están organizados os fondos.	§ CCL § CAA

§ f			§ ALFINB2.1.2. Recupera facilmente os documentos que precisa.	§ CAA § CSIEE
§ e § h § g	§ B2.2. Procuras no catálogo informatizado da biblioteca escolar.	§ B2.2. Comprender e saber utilizar o catálogo informatizado da súa biblioteca.	§ ALFINB2.2.1. Realiza procuras no catálogo por autor/a, título ou materia.	§ CAA § CD § CSIEE
			§ ALFINB2.2.2. Localiza documentos, en función das súas necesidades informativas, no catálogo web da biblioteca.	§ CAA § CD § CSIEE
§ b § e § h	§ B2.4. Recursos dixitais. Internet como fonte de información.	§ B2.4. Accederá rede e coñecer os recursos dispoñibles a través de internet.	§ ALFINB2.4.1. Usa internet de xeito autónomo para resolver necesidades de información.	§ CD § CAA § CSIEE
			§ ALFINB2.4.2. Utiliza internet valorando as características deste medio en relación a aspectos como a permanencia, a fiabilidade, a veracidade, a organización, a selección, a gratuidade, a dispoñibilidade, a autoría, etc.	§ CD
§ b § g § h	§ B2.5. Necesidade dun plan de procura de información. Palabras clave e outras estratexias de procura. Motores de procura.	§ B2.5. Planificar as procuras informativas e empregar con eficacia palabras clave para a obtención de información e uso de motores de procura diversificados.	§ ALFINB2.5.1. Establece un sistema de procura eficaz de información.	§ CD § CAA § CSIEE
			§ ALFINB2.5.2. Utiliza palabras clave e aplica estratexias eficaces de procura para localizar información na web.	§ CD § CAA § CSIEE
			§ ALFINB2.5.3. Identifica produtos informativos diferentes en función das súas necesidades e dos seus obxectivos de traballo.	§ CD § CAA
			§ ALFINB2.5.4. Emprega prensa e revistas dixitais como fonte informativa.	§ CD § CAA
§ e § g § h	§ B2.6. Espazos web e redes sociais como plataformas de comunicación e información.	§ B2.6. Coñecer as redes sociais os espazos web creados na aula, na biblioteca e no centro, e participar neles.	§ ALFINB2.6.1. Intervén nas redes sociais creadas no seu centro respectando as finalidades para as que foron creadas: educativa, participativa, etc.	§ CD § CSC § CSIEE
§ e § g	§ B2.7. Beneficios e riscos da rede. Dereito de privacidad.	§ B2.7. Valorar os beneficios e os riscos da rede.	§ ALFINB2.7.1. Navega por internet con seguridade preservando a súa identidade e a súa privacidad.	§ CD § CSC § CSIEE
§ e § g § h	§ B2.8. Fiabilidade dos espazos web.	§ B2.8. Coñecer e usar os criterios para identificar os espazos web fiables.	§ ALFINB2.8.1. Distingue webs fiables en función de determinados criterios: autoría, data de actualización, tipo de dominio, finalidades, publicidade, contacto, etc.	§ CCL § CD § CAA

§ b § e § g	§ B2.9. Internet e as creacións colectivas: Galipedia, Wikipedia, etc.	§ B2.9. Valorar as creacións colectivas en internet: Wikipedia, Galipedia, etc.	§ ALFINB2.9.1. Emprega as creacións colectivas en internet: Wikipedia, Galipedia, etc.	§ CD § CSC
§ e § g § h § i § j	§ B2.10. Valoración da información recollida na rede.	§ B2.10. Avaliar de forma crítica a información recollida e contrastar información en distintas fontes.	§ ALFINB2.10.1. Compara a información recollida en distintas fontes informativas na rede.	§ CCL § CD § CAA
			§ ALFINB2.10.2. Contrasta a información recollida na rede con outras fontes orais ou impresas.	§ CCL § CD § CAA
Bloque 3. Organizarse para investigar				
§ b § e	§ B3.1. Procesos de investigación.	§ B3.1. Recoñecer os pasos para seguir nun proceso de investigación	§ ALFINB3.1.1. Identifica os obxectivos do traballo de investigación e as súas fases.	§ CAA § CSIEE
§ b § e § g § i § j	§ B3.2. Planificación dun proxecto de investigación.	§ B3.2. Planificar o proceso de procura e recuperación da información.	§ ALFINB3.2.1. Elabora un esquema do traballo que se vaia realizar.	§ CCL § CAA
§ a § b § g § i § j	§ B3.3. Traballo en grupo.	§ B3.3. Organizar o traballo a nivel individual ou grupal, e responsabilizarse das tarefas adxudicadas.	§ ALFINB3.3.1. escoita aos integrantes do grupo, garda a quenda de palabra, argumenta as súas opinións e respecta as opinións das outras persoas.	§ CCL § CAA § CSC
			§ ALFINB3.3.2. Contribúe á distribución de tarefas e responsabilízase das que lle corresponden.	§ CAA § CSC
§ b § g	§ B3.4. Preparación da procura informativa.	§ B3.4. Identificar o tema para investigar e os aspectos clave.	§ ALFINB3.4.1. Formula preguntas sobre o tema sobre o que se vaia investigar.	§ CCL § CAA
§ b § e § i § j	§ B3.5. Recuperación dos coñecementos previos e definición de obxectivos de procura.	§ B3.5. Recuperar os coñecementos previos sobre o tema e definir os aspectos sobre os que precisa informarse.	§ ALFINB3.5.1. Concreta os conceptos clave que van guiar o traballo de procura de información.	§ CCL § CAA
Bloque 4. Procura e tratamento da información				
§ b § e § g § i § j	§ B4.1. Necesidades informativas, fontes de información e procesos de procura, valoración e selección de información.	§ B4.1. Identificar o tipo de información que se precisa, localizar as fontes informativas dispoñibles, realizar consultas informativas seguindo un plan deseñado previamente e empregar o recurso informativo máis apropiado ao tipo de información que se precisa.	§ ALFINB4.1.1. Identifica o tipo de información que precisa en función duns obxectivos.	§ CCL § CD § CAA
			§ ALFINB4.1.2. Localiza os recursos dispoñibles e acordos á súa necesidade informativa.	§ CCL § CD § CAA

Obxectivos	Alfabetización Informacional (ALFIN). 1º/2º Bacharelato			Competencias clave
	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	
			§ ALFINB4.1.3. Concreta o proceso de procura de información	§ CCL § CD § CAA
			§ ALFINB4.1.4. Escolle os recursos informativos que precisa de forma eficaz.	§ CCL § CD § CAA
§ h § i § j	§ B4.2. Análise e comprensión da información atopada.	§ B4.2. Ler de forma comprensiva textos informativos de diferente tipoloxía (continuos, descontinuos, e procedentes dos medios de comunicación e dos medios audiovisuais).	§ ALFINB4.2.1. Comprende e analiza textos continuos e descontinuos, e sabe extraer as ideas principais.	§ CCL § CD § CAA
			§ ALFINB4.2.2. Deduce información implícita ou explícita dos contidos audiovisuais e dos textos dos medios de comunicación.	§ CCL § CD § CAA
§ b § e § h § i § j	§ B4.3. Interpretación e valoración da información atopada.	§ B4.3. Valorar a información atopada en función de determinados criterios: pertinencia, veracidade, fiabilidade, etc.	§ ALFINB4.3.1. Selecciona a información tras valorala seguindo uns determinados criterios (pertinencia, veracidade, fiabilidade, etc.).	§ CCL § CD § CAA
§ b § e § h § i § j	§ B4.4. Proceso da información: extracción e síntese.	§ B4.4. Extraer a información precisa, en función dos obxectivos do traballo, de forma sintetizada.	§ ALFINB4.4.1. Sintetiza a información atopada en función dos obxectivos do traballo.	§ CCL § CD § CAA
§ a § b § o § j	§ B4.5. Citas e referencias.	§ B4.5. Recoller as fontes consultadas para os efectos de citas correctamente no produto final.	§ ALFINB4.5.1. Compila as fontes consultadas e citas correctamente.	§ CCL § CD § CAA § CSC § CCEC
	Bloque 5. Xeración de contidos e comunicación			
§ b § e § g	§ B5.1. Organización e reelaboración da información.	§ B5.1. Organizar a información recuperada de distintas fontes, xerarquizándoa e plasmándoa en esquemas, mapas conceptuais, guións, etc.	§ ALFINB5.1.1. Realiza esquemas, mapas conceptuais, guións, etc., para organizar a información recuperada.	§ CCL § CD § CAA
§ b § e § h	§ B5.2. Estruturación da información recollida mediante gráficos, diagramas, etc.	§ B5.2. Elaborar diagramas, gráficos, cadros de dobre entrada, organigramas, etc., coa información recuperada.	§ ALFINB5.2.1. Representa mediante gráficos, diagramas, cadros de dobre entrada, organigramas, etc., parte da información recuperada.	§ CCL § CD § CAA
§ b	§ B5.3. Reelaboración e personalización da información.	§ B5.3. Estruturar mediante un guión textos propios,	§ ALFINB5.3.1. Elabora guións para estruturar os textos	§ CCL

Obxectivos	Alfabetización Informativa (ALFIN). 1º/2º Bacharelato			Competencias clave
	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	
§ e § g § i § j		expositivos, descritivos e explicativos, a partir da información reunida.	creados a partir da información reunida.	§ CD § CAA
§ b § e § g § h § i § j	§ B5.4. Presentación dos produtos informativos propios. Pautas para a presentación de traballos escritos.	§ B5.4. Coñecer e aplicar as pautas formais para a elaboración de traballos escritos (paxinación, índice, bibliografía, etc.), utilizando procesadores de texto de forma autónoma.	§ ALFINB5.4.1. Presenta os seus traballos segundo unhas pautas consensuadas: paxinación, índice, bibliografía, etc.	§ CCL § CD § CAA
			§ ALFIN5.4.2. Elabora textos propios mediante un procesador de textos.	§ CCL § CD
§ b § e § g § h § i § j	§ B5.5. Elaboración de materiais de apoio ás presentacións orais.	§ B5.5. Coñecer e aplicar as pautas formais para a elaboración de materiais de apoio ás presentacións orais.	§ ALFINB5.5.1. Elabora material de apoio para as súas presentacións orais.	§ CCL § CD
			§ ALFINB5.5.2. Realiza sinxelas presentacións para amosar o resultado dos seus traballos de investigación.	§ CCL § CD § CAA
§ a § h § n § i § j	§ B5.6. Citas e referencias nos traballos informativos (artigos, monografías, presentacións, produtos audiovisuais, etc.).	§ B5.6. Coñecer e empregar correctamente unhas pautas polas que se rexe a forma de citar diferentes fontes.	§ ALFINB5.6.1. Cita con corrección os libros consultados.	§ CAA § CD § CSC § CCEC
			§ ALFINB5.6.2. Segue unha pauta para facer a referencia de artigos de revistas, música, películas, páxinas de internet, autoría de imaxes, etc.	§ CCL § CD § CAA § CSC
§ b § e § g § i § j	§ B5.7. Tratamento e edición de produtos dixitais (presentacións, vídeos, etc.).	§ B5.7. Incorporar imaxes aos traballos escritos ou ás presentacións cun tratamento adecuado.	§ ALFINB5.7.1. Incorpora imaxes aos seus traballos de investigación.	§ CD § CCEC
§ g § h § l § j	§ B5.8. Características dos textos dixitais eficaces.	§ B5.8. Identificar e avaliar as pautas para a produción de textos dixitais eficaces (lonxitude dos textos escritos, presentacións eficaces, etc.)	§ ALFINB5.8.1. Respecta unhas pautas mínimas na produción de textos dixitais.	§ CCL § CD
§ g § h	§ B5.9. Exposicións orais dos traballos realizados. Escolta atenta e respecto polo traballo dos outros.	§ B.5.9. Expor de forma ordenada e a partir dun guiño previo o traballo realizado, argumentando as opinións	§ ALFINB5.9.1. Participa na presentación oral dos traballos elaborados.	§ CCL § CSIEE

§ i § j		propias de xeito razoable e con respecto polas pautas da comunicación grupal (escoita atenta, respecto pola opinión das outras persoas, quendas de palabra, etc.).	§ ALFINB5.9.2. Defende con argumentos as opinións propias e respecta o traballo alleo.	§ CCL § CSC § CSIEE
	Investigación e Tratamento da Información. 1º/2º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			§ ALFINB5.9.3. Escoita con atención as presentacións dos compañeiros e das compañeiras, e valora con argumentos o seu traballo.	§ CCL § CSC
§ b § e § g	§ B5.10. Avaliación e aplicación das aprendizaxes realizadas a través dos traballos de investigación á vida persoal, académica e social.	§ B5.10. Avaliar o proceso de elaboración do traballo feito, e tomar conciencia das aprendizaxes realizadas, e aplicar os coñecementos adquiridos á súa vida persoal, académica ou social.	§ ALFINB5.10.1. Avalía, a través dos instrumentos que se lle ofrecen, a súa participación no proceso dun traballo de investigación, individual ou grupal.	§ CAA § CSIEE
			§ ALFINB5.10.2. Identifica e valora as aprendizaxes realizadas.	§ CAA § CSIEE
			§ ALFINB5.10.3. Valora con criterio e respecto o traballo das outras persoas.	§ CAA § CSC
			§ ALFINB5.10.4. Incorpora as aprendizaxes realizadas a novos procedementos de traballo e de relación no medio escolar e social.	§ CAA § CSIEE

6. Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación. Avaliación inicial.

Para a avaliación da materia empregaranse os seguintes instrumentos:

1. Portfolio persoal do alumnado participante: diario de aula, produción do alumnado, documentación diversa das actuacións (fotografías, materiais elaborados,...). Para a avaliación do portfolio empregaranse rúbricas e listas de control.
2. Rúbricas de observación na aula.
3. Enquisas realizadas á comunidade educativa (nomeadamente os usuarios da Biblioteca e os beneficiarios directos das actuacións programadas).

Criterios de cualificación:

1. O portfolio documenta axeitadamente os contidos e actividades desenvolvidos na aula ou fóra dela.
2. Apréciase coherencia entre os obxectivos e as actividades propostos
3. As actividades propostas son diversas e factibles, e o grao de continuidade/seguimento das mesmas é aceptable.
4. O alumnado consegue un aceptable grao de autonomía no deseño, organización e desenvolvemento das actividades.
5. As actividades difúndense a través da rede (blogue da biblioteca, páxina web do centro) ou doutros medios.
6. Prodúcese una incidencia positiva en distintos sectores da comunidade educativa e nos beneficiarios individuais das accións realizadas.
7. O alumnado realiza una autoavaliación obxectiva e reflexiva.

O peso das unidades didácticas na cualificación outorgada en cada avaliación será o seguinte:

Cualificación da avaliación	Cualificación da UD 1	Cualificación da UD2	Cualificación da UD3	Cualificación da UD4	Cualificación da UD5
1ª	30% (10-10-10)	70% (15-15-40)			
2ª	15%	35%	35% (25-10)	15% (10-5)	
3ª	10%	23%	45%	12%	10%

Nunha materia de carácter tan eminentemente competencial coma esta o sistema de avaliación inicial basearase na observación na aula, plasmada en rúbricas e listas de control e centrada nos aspectos relacionados coa organización do traballo en grupo e a definición e realización do portfolio. A partir dos resultados obtidos nela reforzaranse os aspectos máis febles observados.

7. Concrecións metodolóxicas e atención á diversidade. Materiais e recursos didácticos. Actividades complementarias e extraescolares.

O carácter particular desta asignatura fai que a metodoloxía a aplicar estea completamente centrada no alumnado; máis que nunca o profesorado será simplemente o guía do proceso de aprendizaxe, que terá que orientar máis que dirixir. A atención á diversidade basearase nas indicacións aportadas polo Departamento de Orientación.

As actividades lectivas desenvolveranse na Biblioteca, contando cos recursos didácticos que esta nos ofrece (ordenadores, fondos).

Evidentemente non contaremos con libros de texto. Pero unha boa orientación inicial pódese atopar na web:

Rede de bibliotecas escolares de Galicia:

<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/?q=category/18/78>

8. Indicadores de logro. Revisión da programación.

A análise e avaliación tanto da práctica docente como da programación son un paso fundamental na mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta revisión producirase ao remate de cada avaliación, e as conclusións achegadas servirán para modificar a programación para o curso seguinte. Procurarase aplicar das táboas presentadas a continuación como elementos que provoquen unha reflexión máis extensa.

Para analizar a práctica docente e avaliar a eficacia da programación

empregaremos os seguintes indicadores:

A. Avaliación da práctica docente

Indicadores		Escala			
		1	2	3	4
1	O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado				
2	Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado				
3	Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado				
4	Mantívoose un contacto periódico coa familia por pare do profesorado				
5	Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE				
6	Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con				
7	Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado				
8	Usáronse distintos instrumentos de avaliación				
9	Dáse un peso real á observación do traballo na aula				
10	Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo				
11	Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
12	Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa				
13	Elabóranse e propóñense actividades atendendo á diversidade				
14	Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE				
15	Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar				
16	Combínase o traballo individual e en grupo				
17	Poténcianse estratexias de animación á lectura				
18	Poténcianse estratexias de comprensión oral				
19	Poténcianse estratexias de expresión oral				
20	Poténcianse estratexias de comprensión escrita				
21	Poténcianse estratexias de expresión escrita				
22	Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe				
23	Préstase atención aos elementos transversais vinculados aos estándares				
24	Ofrécense ao alumnado os resultados das probas / traballos, etc., de forma rápida				
25	Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
26	Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros				
27	Grao de implicación do profesorado nas funcións de tutoría e orientación				
28	Aplicación e adecuación das ACS propostas e aprobadas				
29	Vincúlense claramente as medidas de apoio, reforzo, etc., aos estándares				
30	Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

b. Avaliación da programación

Indicadores		Escala			
		4	3	2	1
1	Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos aos elementos do currículo				
2	Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos				
3	O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e á temporalización previstas				
4	Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos				
5	Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar				
6	Adecuación da asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación				
7	Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación				
8	Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver				
9	Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o Departamento				

10	Adecuación da secuencia de traballo na aula				
11	Adecuación dos materiais didácticos empregados				
12	Adecuación do libro de texto				
13	Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado				
14	Adecuación da proba de avaliación inicial, en relación coas competencias				
15	Adecuación da proba de avaliación inicial, en relación cos estándares				
16	Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua (probas,				
17	Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación parcial				
18	Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final				
19	Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria				
20	Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento do alumnado con materias pendentas				
21	Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación das materias pendentas				
22	Adecuación das probas ao valor dos estándares				
23	Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. aos estándares				
24	Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE				
25	Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas				
26	Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre estándares, criterios e instrumentos de avaliación				
27	Adecuación dos mecanismos de información ás familias sobre criterios de cualificación				
28	Seguimento e revisión da programación ao longo do curso				
29	Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro				
30	Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia				

Alumno: _____

Materia: _____ Curso: _____ Data: _____

	Excelente	Moi avanzado	Satisfactorio	Básico	Escaso
Presentación	Preséntase de xeito formal e dá a coñecer o tema da presentación e o obxectivo que pretende	Preséntase de xeito rápido e dá a coñecer o tema da presentación e o obxectivo que pretende	Preséntase de xeito rápido e comeza a súa exposición sen mencionar o tema do que trata	Preséntase sen dicir o seu nome e menciona o tema de xeito moi xeral	Comeza a súa exposición sen facer unha presentación inicial
Expresión oral	Emprega un vocabulario axeitado e a exposición é coherente	O vocabulario é axeitado e a exposición é clara	Fáltalle vocabulario e ten algún problema para expresar correctamente as súas ideas	Manexa un vocabulario moi básico e ten problemas para transmitir con claridade as súas ideas	Ten un vocabulario moi básico e non logra transmitir con claridade as súas ideas
Volume de voz	O volume de voz é axeitado, suficientemente alto como para ser escoitado dende todas as partes da aula e sen ter que berrar	O volume de voz é axeitado e alto para ser escoitado por todos, aínda que, a veces, cando dubida, baixa o volume	Non é escoitado por toda a aula cando fala en voz alta, excepto se se sente moi seguro e aumenta o seu volume de voz por uns segundos	O volume de voz é medio e ten dificultades para ser escoitado por todos na aula	O volume de voz é moi baixo como para ser escoitado todos na aula
Expresividade	As súas expresións faciais e a súa linguaxe corporal xeran un forte interese e entusiasmo sobre o tema nos outros	Expresións faciais e linguaxe corporal que xeran en moitas ocasións interese e entusiasmo, aínda que algunhas veces pérdese e non presenta toda a información	Expresións faciais e linguaxe corporal que xeran algunhas ocasións interese e entusiasmo, aínda que moitas veces pérdese e non presenta toda a información	As súas expresións faciais e a súa linguaxe corporal acosan unha actitude pasiva e non xeran moito interese, pero algunhas veces, cando fala de algo que lle gusta, é capaz de amolar algo de entusiasmo	Moi pouco uso de expresións faciais ou linguaxe corporal. Non xera interese na forma de falar
Inclusión dos aspectos relevantes	Expón claramente o traballo e aporta referencias aos coñecementos traballados	Expón claramente o traballo, pero non relaciona toda a exposición cos coñecementos traballados	Expón claramente o traballo, pero non o relaciona cos coñecementos traballados	Ten dificultade para expoñer o traballo porque non entende os coñecementos traballados	Non expón o traballo ni coñece os conceptos traballados necesarios para a súa realización
Explicación do plan de traballo	Explica cada paso con detalle, con lóxica e cronoloxicamente no orde no que o realizou	Explica todos os pasos, claramente, pero liouse un pouco co orde	Explica todos os pasos claramente, pero liouse no orde e foi necesario reorganizalo a través de preguntas	Presenta dificultade á hora de diferenciar os pasos que deu e precisa axuda para explicalos con claridade	Non identifica os pasos que deu nin é capaz de reconducir o discurso de xeito guiado
Recursos didácticos	A exposición acompáñase con soportes audiovisuais en diversos formatos, especialmente atractivos e de moita claridade	Soporte visual axeitado e interesante na súa xusta medida	Soporte visual axeitado	Soporte visual non axeitado	Sen soporte visual
Tempo	Empregou o tempo axeitado e pechos correctamente a súa presentación	Empregou o tempo axustado ao previsto, pero cunha final precipitada ou excesivamente longo por falta de control do tempo	Empregou o tempo axustado, pero faltoulle pechar a súa presentación; ou ben non empregou o tempo axeitado, pero incluíu todos os puntos da súa presentación	Excesivamente longo ou insuficiente para poder desenvolver o tema correctamente	Esqueceu por completo o tempo que tiña e saíuse do tema

9. Aprobación da programación.

A presente programación foi presentada na CCP do día 9 de maio de 2017 para a súa aprobación.

Asdo: Rosa Ana Freire Calviño
Coordinadora do Equipo da BE Punta Candieira
IES Punta Candieira - Cedeira